

Contratos predoutorais

Ante a inseguridade xurdida polo cambio de nomenclatura nos contratos predoutorais, especificados na Lei da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, e regulados no Estatuto dos Traballadores, que pasou de ter unha clave dentro do grupo de contratos temporais (401) a contratos en prácticas (420), queremos comunicar o seguinte:

Aínda que, a TXSS no seu boletín de Noticias Rede 01/2016, de febreiro de 2016, ordena a partir desta data "nas altas dos traballadores con contratos predoutorais, aos que se refire no artigo 21 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, deberase anotar o valor: 420 - CONTRATOS EN PRÁCTICAS-" tamén engade a orde: "no campo TIPO DE CONTRATO, así como o valor 9921 no campo RELACIÓN LABORAL DE CARÁCTER ESPECIAL"

Polo tanto, a ningún traballador con Contrato Predoutoral lle deben cambiar as condicións laborais, xa que a Lei da Ciencia, a tecnoloxía e a innovación prevalece neste caso. Consideramos que o cambio de nomenclatura nos seus contratos (asinados despois de febreiro de 2016) débese tan só a unha emenda do erro por non aplicar a dita orde.

Polo tanto, todos aqueles contratos predoutorais, sexan en clave 401 ou 420 deben manter as mesmas condicións laborais que tiñan.

Os contratos Predoutorais réxense pola seguinte normativa:

1.- Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación:

Artigo 21. Contrato predoutoral. Os contratos de traballo baixo a modalidade de contrato predoutoral celebraranse de acordo cos seguintes requisitos:

a) O contrato terá por obxecto a realización de tarefas de investigación, no ámbito dun proxecto específico e novidoso, por quen estean en posesión do título de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, graduado universitario con grao de polo menos 300 créditos ECTS (European Credit Transfer System) ou master universitario, ou equivalente, e sexan admitidos a un programa de doutoramento. Este persoal terá a consideración de persoal investigador predoutoral en formación.

b) O contrato celebrarase por escrito entre o persoal investigador predoutoral en formación, na súa condición de traballador, e a Universidade pública ou Organismo de investigación titular da unidade investigadora, na súa condición de empregador, e deberá acompañarse de escrito de admisión ao programa de doutoramento expedido pola unidade responsable do devandito programa, ou pola Escola de doutoramento ou posgrao no seu caso.

c) O contrato será de duración determinada, con dedicación a tempo completo.

A duración do contrato non poderá ser inferior a un ano, nin exceder de catro anos. Cando o contrato se concerta por unha duración inferior a catro anos poderá prorrogarse sucesivamente sen que, en ningún caso, as prórrogas poidan ter unha duración inferior a un ano. A actividade desenvolvida polo persoal investigador predoutoral en formación será avaliada anualmente pola Comisión Académica do programa de doutoramento, ou no seu caso da Escola de doutoramento, durante o tempo que dure a súa permanencia no programa, podendo ser resolto o contrato no suposto de non superarse favorablemente a dita avaliación.

No entanto, cando o contrato se concerta cunha persoa con discapacidade, o contrato poderá alcanzar unha duración máxima de seis anos, prórrogas incluídas, tendo en conta as características da actividade investigadora e o grao das limitacións na actividade.

Ningún traballador poderá ser contratado mediante esta modalidade, na mesma ou distinta entidade, por un tempo superior a catro anos, incluídas as posibles prórrogas, salvo no caso das persoas con discapacidade indicadas no parágrafo anterior para as que o tempo non poderá ser superior a seis anos.

Sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores, no caso de que, por estar xa contratado o traballador baixo esta modalidade, o tempo que reste ata o máximo de catro anos, ou de seis no caso de persoas con discapacidade, sexa inferior a un ano, poderá concertarse o contrato, ou a súa prórroga, polo tempo que reste ata o máximo establecido en cada caso. As situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactancia e paternidade, suspenderán o cómputo da duración do contrato.

d) A retribución deste contrato non poderá ser inferior ao 56 por 100 do salario fixado para as categorías equivalentes nos convenios colectivos do seu ámbito de aplicación durante os dous primeiros anos, ao 60 por 100 durante o terceiro ano, e ao 75 por 100 durante o cuarto ano. Tampouco poderá ser inferior ao salario mínimo interprofesional que se estableza cada ano, segundo o artigo 27 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Disposición adicional decimooitava. Seguridade Social no contrato predoutoral.

Establécese unha redución do 30% da cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns na cotización relativa ao persoal investigador contratado baixo a modalidade de contrato predoutoral establecida no artigo 21 desta lei, que quedará acollido ao Réxime Xeral da Seguridade Social”.

2.- Artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (Duración do Contrato).

3.- Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.

POLO TANTO, SE ALGÚN TRABALLADOR CON CONTRATO PREDOUTORAL VE MODIFICADAS ESTAS CONDICIÓNS (Duración do contrato, salario, indemnización), DEBERÍA POÑERSE EN CONTACTO COA SECCIÓN SINDICAL DA SÚA UNIVERSIDADE, CO FIN DE INICIAR UNHA RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA XUDICIAL.

FeSP-UGT con todo, está á espera da Resolución do Ministerio de Emprego e Seguridade Social sobre a adxudicación a estes case 10.000 traballadores da tarxeta sanitaria europea.

No caso de que a adscrición a este tipo de contratos supuxese a perda da devandita tarxeta sanitaria, FeSP-UGT recorrería á vía xudicial.

Por todo iso, pedímosvos que, de darse algún caso concreto nas vosas universidades, de perda de dereitos con motivo deste cambio de nomenclatura nolo fagades saber.

INO SECTOR DE ENSINO DE FeSP-UGT DEFENDEREMOS A TODOS AQUELES COMPAÑEIROS QUE VEXAN OS SEUS DEREITOS E CIRCUNSTANCIAS LABORAIS DESPREZADOS!

Sindicato Nacional de Universidade FeSP-UGT Galicia